

VIEIROS

Edición xeral

Acto Literario de Desagravio ao Mar en Lira

A Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) organiza un acto literario de desagravio ao mar nun dos lugares máis afectados pola marea negra: Carnota. A partir das 17 horas escoitaranse no porto de Lira as voces dos poetas e narradores para denunciar a catástrofe do Prestige e reivindicar a recuperación do noso litoral.

- 17:40 24/01/2003

Alí estarán Marilar Aleixandre, Xesús Pereiras, Emilio Insua, Miro Villar, Marta da Costa, Carlos Negro, Eduardo Estévez, Alexandre Nerium, Modesto Fraga Moure, Paco Souto, Francisco Fdez. Naval e Rosa Aneiros. A súa voz, de salitre e espuma, será a nosa denuncia e a nosa esixencia de responsabilidades. Modesto Fraga resúmenos a inquedanza:

(...)En Mar de Fóra
adoito se mesturan
as artes do tributo máis efémero:
herdanza de salitre
-a nosa-
de homes e mulleres salitrosos.
Porque levamos no silencio
o rostro e a palidez
salgada do traballo.
Ese traballo inxel
de remendar nas redes do encaixe máis absurdo.
En Mar de Fóra
as redes son o berce
onde aniñamos, nós,
alén da luz escura
que nos sinala o día.

Ven e comparte connosco o desagravio.